Juan Alonso Tembrás (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 03/07/2024
HASH: 574d61d6e88d21b33dc8ba9b0e6b6cfb

# MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CELEBRACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE RISCOS E SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

Emítese a presente Memoria de acordo co disposto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) e dando cumprimento co disposto no artigo 63.3 da LCSP.

## Necesidade de contratacion

Con motivo da contratación do servizo de mediación de riscos e seguros, o concello das Somozas pretende cubrir a necesidade dun asesoramento técnico especializado a través da prestación dun servizo, que inclúe aquelas actividades consistentes na presentación, proposta ou realización de traballos previos á celebración dun contrato de seguro ou de reaseguro, ou de celebración destes contratos, así como a asistencia na xestión e execución dos devanditos contratos, en particular en caso de sinistro.

**Insuficiencia de medios.** O concello non dispón dos suficientes medios persoais e técnicos para prestar o servizo epigrafiado mantendo a prestación de servizos públicos obrigatorios e indispensables para o funcionamento ordinario do contrato, xustifícandose a necesidade de proceder á licitación

A FEMP, a través do seu Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados e entes dependentes o servizo de mediación de riscos e seguros mediante un Acordo Marco cun único adxudicatario para cada un dos catro lotes por ramo ou tipoloxía de seguros que o compoñen, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e uns Pregos de Prescricións Técnicas (PPT), cuxa publicación se produciu o 29 de novembro de 2023.

Devandito Acordo Marco adxudicouse nos Lotes 1 e 2 a Willis Iberia Correduría De Seguros E Reaseguros, S.A., e o Lote 4 a AON IBERIA Correduria De Seguros e Reaseguros, S.A.U. con data de 11 de marzo de 2024, formalizándose o Acordo Marco para cada un dos lotes o 19 de abril de 2024..

Con base o citado Acordo Marco, esta Entidade Local pode subscribir o correspondente Contrato baseado coa empresa adxudicataria do/os lote/s 1,2 e 4, que comprenderá todos os servizos referidos no Acordo Marco nas condicións que se fixan no PCAP e PPT.

## Obxeto do contrato

O obxecto do Contrato baseado comprenderá o asesoramento técnico especializado para a cobertura e xestión dos riscos que afectan ás Entidades Locais, a adecuación dos riscos ás pólizas que se contraten no marco do/os lote/s 1,2,4 e a posterior asistencia na tramitación de incidencias, reclamacións e danos que se produzan durante a súa vixencia, conforme ao disposto no PPT.

Os servizos descritos refírense aos seguintes grupos de riscos:

- Responsabilidade civil/patrimonial xeral.

Cod. Validación: 6KHQTSQXX77SE7J5522L4392R
Corrección: https://assomozas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

- Responsabilidade civil/patrimonial colectivo persoal municipal e membros da corporación.

-Responsabiliade civil /patrimonial TECOR municipal

Bens e instalacións patrimoniais.

- Flota de vehículos a motor

**Analise económica do contrato**

Este contrato non supón un custo directo para o concello, xa que non se aboará prezo algún á empresa adxudicataria do mesmo, sendo retribuida pola/s entidade/s aseguradoras coas que se contraten e formalicen as correspondentes pólizas de seguros e que aboarán como prezo o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros a procentaxe ofertada pola empresa adxudicataria deste contrato. Excepto criterio superior da Intervención municipal, entendemos que o contrato non supoñerá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

**Prezo do contrato.** O sistema de determinación do prezo será o prezo unitario, que serán as comisións que se fixen en cada un dos seguros que se formalicen. O corredor de seguros non poderá percibir das entidades aseguradoras calquera retribución distinta das comisións. Estas comisións de ramo ou tipo de seguros de que se trate garantia

A retribución do Contratista virá fixada pola comisión que se especificará en cada un dos procedementos de contratación das pólizas de seguro que inicie ou subscriba a Entidade Local baixo a súa mediación, e en todo caso, será abonada pola entidade aseguradora sen que derive gasto ou custo algún para a Entidade Local.

**Valor estimado do contrato**

O valor estimado deste contrato calculouse sobre unha estimación do volume anual de gasto aproximado en primas de seguro durante o ano 2023 .Esta información aos licitadores, sen que supoñan en ningún momento un compromiso de gasto, nin xeración de ningunha obriga contractual, quedando supeditadas as cantidades finais ás necesidades reais que requira esta Administración, en relación con cada un dos grupos de risc.)

Lote n.º 1: 10.500,00 €

Lote nº 2 :14,000,00 €

Lote n.º 4 .- 9000,00 €

Lote 1:Seguro de responsabilidad civil patrimonial, de responsabilidad civil de sus altos cargos y personal electo al servicio de Entidades Locales y entes dependientes, de responsabilidad civil de profesionales al servicio de Entidades Locales y entes dependientes, Ciberseguridad y otros riesgos vinculados a la responsabilidad civil en actividades profesionales WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., 11%

Cod. Validación: 6KHQTSQXX77SE7J5522L4392R
Corrección: https://assomozas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

Lote 2: Seguro de daños materiales para Entidades Locales y Entes dependientes y otros riesgos vinculados a daños materiales WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., 9%

Lote 4 :Seguro de flota de vehículos para Entidades Locales y Entes dependientes, y otros riesgos vinculados a medios de transporte AON IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SAU. 7% -

**Duración** :12 MESES+ PRÓRROGA 12 MESES + PRÓRROGA 12 MESES

**Condiciones especificas de contratación**: Que a adxudicataria, dispoña dun plan de igualdade para a empresa, cando polas súas características, non estea obrigado normativamente a telo en vigor, achegando a documentación acreditativa ao comezo do contrato baseado.

Cod. Validación: 6KHQTSQXX77SE7J5522L4392R
Corrección: https://assomozas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3